

Obra descoñecida de Manuel Amor Meilán en *Galicia Moderna* (A Habana)

M^a Teresa Araújo García

RESUMO Comeza este artigo M^a Teresa Araújo dando conta dos volumes que se teñen ocupado da obra narrativa e poética de Manuel Amor Meilán. A seguir, enumera os textos deste autor no xornal habaneiro *Galicia Moderna* (1885-1890), de entre os que destaca o relato titulado "O encanto", un texto que analiza externa e internamente.

ABSTRACT MTAG begins her article by listing the works which have dealt with the novelistic and poetical output of MAM. She then notes the texts published by the author in the literary journal published in Havana, *Galician moderna* (1885-1890), and goes on to an external and internal critical analysis of one of the short stories, 'O encanto' [The Spell].

73

En 1998 demos ao prelo na Colección Narrativa recuperada do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades *Baixo do alpendre e outros relatos*¹, onde se reunía a obra galega en prosa de Manuel Amor Meilán (1867-1933). Para aquela edición seguimos fundamentalmente a obra de Modesto Hermida *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*², na que se indicaba que estaba composta por dúas novelas e vinte e catro relatos curtos.

Naquela altura, as nosas investigacións confirmaron os datos fornecidos por Modesto Hermida, polo que a edición segue fielmente as súas indicacións. Agora ben, pouco despois de editada a obra narrativa, acometemos a empresa de escolmar a obra poética que fomos reunindo á par da narrativa. Como froito deste traballo apareceu na colección Libros da Frouma *Treboadas e outros poemas*³, onde se recolle o único libro de poesías publicado como tal polo

¹ Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa Recuperada, 1998, 172 pp.

² Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1995, 232 pp.

³ Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 8, 2000, 178 pp.

autor, acompañado dunha selección do resto da súa obra poética espaxada na prensa da época. *Treboadas* foi publicado en Ferrol en 1884 e reunía as composicións de dous autores: Manuel Amor Meilán (14 composicións) e Raúl Muñiz y Bailly (10 composicións). É, ademais, a primeira obra literaria en galego publicada polo autor, anterior á súa obra narrativa e teatral nesta lingua e moi pouco posterior ao seu primeiro traballo literario en castelán (*Mendo de Mendoza o los amores de un noble*, 1882). Incluímos tamén na edición trinta e tres poemas seleccionados entre os aparecidos no período 1885-1907 nos xornais galegos: *O Tío Marcos d'a Portela*, *Álbum Literario*, *El Regional*, *O Galiciano*, *A Monteiro* e *La Voz de Mondoñedo*.

Atopándonos na realización desta edición, tivemos oportunidade de consultar material bibliográfico procedente dos fondos da emigración galega en Cuba e que se atopa depositado no Centro Ramón Piñeiro, onde está sendo editado, pouco a pouco, baixo a dirección de Luís Alonso Girgado. Froito deste traballo son as recentes edicións de *La Tierra Gallega* (A Habana, 1915) / *La Alborada* (A Habana, 1912); *Cultura Gallega* (A Habana 1936-1940), e *A Gaita Gallega* (A Habana, 1885-1889), que apareceron ao longo do ano 1999 como números 42, 43 e 47, respectivamente, da colección de publicacións do devandito Centro.

74

Entre este material procedente de Cuba –concretamente do Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana– atópase a colección case completa do xornal *Galicia Moderna* (A Habana, 1885-1890)⁴. *Galicia Moderna*, subtitulada “Semanario de intereses generales”, é unha das publicacións procedentes da emigración galega menos coñecidas e peor citadas polos críticos, xa que os números existentes en Galicia son moi poucos e tamén poucos son os estudos que tiveron acceso directo á colección completa. Esperamos que a edición que se está a preparar solucione esta cuestión, pois estamos diante dunhas das publicacións máis interesantes do seu momento.

Galicia Moderna publicou 206 números entre maio de 1885 e maio de 1889 (a súa primeira etapa), e oito entre marzo e abril de 1890 (na segunda). Como directores figuran José Novo y García (entre 1886 e 1887 e en 1888) e Enrique Novo (entre 1888 e 1890). Era unha revista bilingüe, con predominio do

⁴ Toda a información relacionada con este xornal foinos proporcionada por Luís Alonso Girgado e por Natalia Regueiro, a quen debemos agradecer aquí, unha vez máis, a súa atención e amabilidade.

idioma castelán sobre o galego, que recollía contidos de información xeral, tanto de Galicia coma de Cuba, e que prestaba especial atención ás actividades desenvolvidas pola colectividade galega na illa. A nómina dos seus colaboradores inclúe nomes como Manuel Martínez Murguía, Eduardo Pondal, Manuel Lugrís Freire, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán ou o mesmo Manuel Amor Meilán, de quen atopamos:

– Unha reedición do poema “Probe nai!” de *Treboadas*, no nº 102 (10-4-1887), p. 3.

– O poema en castelán “Al corazón”, no nº 104 (24-4-1887), p. 5.

– O artigo en castelán “El museo gallego”, no nº 119 (7-8-1887), pp. 3-4 e 120 (14-8-1887), p. 1.

– Dúas reedicións descoñecidas dos relatos “A ruada”, no nº 161 (27-5-1888), p. 3, e “A volta da romaxe”, no nº 206 (14-4-1889), p. 3. Foran publicados anteriormente nas parolas 167 (8-4-1888) e 214 (17-3-1889), respectivamente, de *O Galiciano*, e reeditados nos parrafeos 224 (15-4-1888) e 269 (24-3-1889), de *O Tío Marcos d’a Portela*. “A ruada” mesmo tivo unha cuarta reedición na 2ª Tocata (30-8-1889) de *A Gaita Gallega*.

75

– Un relato do que non se tiña noticia ata o momento: “O encanto”, publicado no nº 211 (17-3-1889)⁵, p. 2, e que non foi reproducido, que saibamos, en ningún medio de comunicación editado en Galicia cos que Manuel Amor Meilán colaboraba habitualmente.

Algo semellante ocorreu tamén co seu relato “O camiño real”, que só foi publicado unha vez en *A Gaita Gallega* (30-9-1889). De todos os xeitos, o normal na súa traxectoria editorial era que editase primeiro a súa obra galega nun medio de comunicación do país e que fose reeditada máis tarde nalgunha publicación da emigración. Foi o caso de “O manceño”, reproducido en *El gallego* (Bos Aires), e de “A ruada”, “Os roxóns” e “A rayola de sol”, reproducidos en *A Gaita Gallega* (A Habana).

⁵ Aínda que a numeración pode parecer incorrecta non é así. Nalgúns números desta revista détécense erros coma este: o número 210 é do 12-5-1890, sen embargo a data do número 211 é a que recollemos con anterioridade.

“O encanto” é un relato que ten moito en común cos outros vinte e catro que xa coñecemos, tanto na disposición externa coma na interna. Polo que atinxe á disposición externa, podemos sinalar que, como acontece en dezanove dos relatos deste escritor, está dedicado a un autor contemporáneo: “Ó laureado poeta D. M. Martines Gonzales”⁶, e como en cinco deles, leva data de elaboración en Castellón, 1889.

En canto á disposición interna do conto, detectamos que utiliza a terceira persoa gramatical cunha perspectiva omnisciente e frecuentes intervencións do autor implícito, como na maioría da súa obra, nomeadamente nas novelas *Xuana* e *Os fillos d’a praya*; a ambientación é rural con trazos costumistas, o que tamén é común á maioría dos seus relatos; o tema principal é o amor, un amor non correspondido que provoca no protagonista, Mingos, a desesperación e a perda de ilusión pola vida, e que o pon en relación coas narracións “O gaiteiro do casal”, “Pol-a congostra”, “A volvoreta”, “Debaixo d’o hórreo”, “N-a represa”, “Cobián, o zanfoñeiro” e “A noite d’ánemas”. Mesmo se permite facer unha referencia ao protagonista do primeiro dos seus relatos galegos: no principio de “O encanto” dise que “Xa non se lle ve nas romaxes cantar e beilar, sobre todo beilar aquela muiñeira que Martiño, o gaiteiro do Casal froleaba con aquela gaita”. Este Martiño é o protagonista de “O gaiteiro do casal”, publicado en *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 168 (20-2-1887).

76

Fica agora completa, pois, a obra narrativa en galego de Manuel Amor Meilán con este relato que reeditamos como Apéndice en *Treboadas e outros relatos*. Alí poderá atopalo quen teña algún interese na narrativa galega de Manuel Amor Meilán, en particular, e na nosa Narrativa do Tempo do Rexurdimento, en xeral.

M. Teresa Araújo García

⁶ Na mesma paxina do número 206 (14-IV-1889) de *Galicia Moderna* onde se reproduce “A volta d’a romaxe”, inclúese un poema de Manoel Martines Gonzales titulado “Os que quedan y-os que se van”.